

XXX

Reclamante: Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio  
Expediente. Nº **RSCTG 183/2023**

## **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vistas ás reclamacións presentadas por XXX, en representación de Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio, mediante escrito do 20 de xuño de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2023, adopta a seguinte resolución:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX, en representación de Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de xuño de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Foz con data 14 de novembro de 2022, de acceso -e copia- á documentación pública relacionada coa licenza municipal outorgada por ese concello para a realización das escavacións e movemento de terras que se están a realizar na parcela con referencia catastral XXX, da Espiñeira, Vilaronte, Foz.

A Asociación reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada con sinatura electrónica de asociación, e do DNI do representante.

**Segundo.** Con data 23 de xuño de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Foz para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o día 27 do mesmo mes.

**Terceiro.** Con data do 6 de xullo de 2023 o Concello de Foz contesta a petición remitindo os informes elaborados pola encargada do arquivo municipal e o arquitecto municipal ao respecto.

No informe do Arquitecto Municipal, faise constar que por Resolución da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de 23 de decembro de 2021 autorizouse a transmisión da concesión de explotación Nuestra Señora de Begoña núm. XXX, titularidade da sociedade ALBITA, S.L., cunha superficie de 24 pertenzas mineiras (240.000 m<sup>2</sup>) sita nos termos municipais de Foz e Barreiros, na provincia de Lugo, a favor da sociedade Euroarce Caolines, S.L.

O título de concesión para a explotación de caolín Nuestra Señora de Begoña núm. XXX nos termos municipais de Foz e Barreiros, cunha extensión de 24 pertenzas mineiras (240 000 m<sup>2</sup>) emitíuse o 27 de abril de 1955 a favor de XXX.

Consta no arquivo municipal solicitude, de 3 de xuño de 2008, de licenza municipal para instalación, apertura e funcionamento de explotación mineira no lugar de a Begoña-Vilaronte a nome de Basazuri S.L.

No informe da arquitecta técnica municipal faise constar que no Arquivo Municipal está custodiado o expediente de actividade solicitado pola empresa Basazauri, S.L., para explotación mineira, na Begoña, A Espiñeira (Vilaronte) e se relaciona a documentación da que consta.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A Asociación interesada solicitou acceso e copia da documentación relacionada coa licenza municipal outorgada polo Concello para a realización das escavacións e movemento de terras que se están a realizar nunha parcela que identifica coa súa referencia catastral, sen ter obtido resposta.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico. De acordo co anterior, débese entender que a información solicitada é información pública.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública. Debe por tanto o Concello, resolver expresamente sobre o acceso, dando audiencia se procede aos terceiros que podan resultar afectados pola resolución que se dite, de conformidade co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, e examinando previamente se a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na dita Lei, en cuxo caso deberá, de forma motivada, disociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei).

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

O Concello non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX, en representación de Asociación Sociocultural Mariña Patrimonio, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Foz con data 14 de novembro de 2022, de acceso -e copia- á documentación pública relacionada coa licenza municipal outorgada por ese concello para a realización das escavacións e movemento de terras que se están a realizar na parcela con referencia catastral XXX, da Espiñeira, Vilaronte, Foz (Lugo).

**Segundo:** Instar ao Concello de Foz a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Foz a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

PS (art.8 Lei 6/1984)

María Xosé Porteiro García

**Adxunta á Valedora do Pobo**